



1. Ordena con números do 1 ao 6 como se realiza a función de nutrición.

- ☐ As feces son evacuadas a través do ano.
- ☐ O fígado e o páncreas verten os seus zumes ao intestino delgado. No intestino delgado o quimo transfórmase en quilo. Tamén é aquí onde se absorben a maioría dos nutrientes para pasar ao aparato circulatorio.
- ☐ Cos seus movementos e zumes, o estómago transforma o bolo alimenticio en quimo, que pasa ao intestino delgado.
- ☐ A través da boca inxerimos auga e alimentos. Nela mastigámoslos cos dentes ao mesmo tempo que se mestura coa saliva que segregan as glándulas salivares. A lingua axuda neste proceso. Así se forma o bolo alimenticio que pode ser tragado.
- ☐ A continuación, no intestino groso, absórbese a auga e fórmanse as feces. As feces están compostas por substancias de refugallo, é dicir, aquelas substancias que o noso corpo non pode usar para obter materia ou enerxía.
- ☐ O bolo alimenticio percorre o esófago para chegar ata o estómago.

2. Completa as partes dos seguintes aparatos.



3. Une os termos do aparato circulatorio coa súa definición.

Circulación pulmonar

Corazón

Circulación xeral

Sangue

Vasos sanguíneos

O sangue vai dende o corazón ata os pulmóns. Alí cargase de osíxeno e descarga o dióxido de carbono. Despois volve ao corazón.

O sangue cargado de osíxeno é bombeado dende o corazón ata todo o corpo. O sangue transporta este osíxeno ata todas as células e recolle o dióxido de carbono que produciron.

Son condutos que percorren todo o corpo.

É un líquido que se move constantemente polos vasos sanguíneos.

É un órgano musculoso e oco que se enche de sangue para bombeala a todo o corpo.

6. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

___ A función de nutrición está realizada por varios aparatos.

___ Os aparatos implicados na función de nutrición son: dixestivo e respiratorio.

___ Os aparatos implicados na función de nutrición teñen funcións que non se relacionan entre si.

___ As células dos aparatos implicados na función de nutrición non necesitan a substancias nin a enerxía que se obteñen con esta función.

7. Relaciona cada aparato coa súa función.

* Filtran o sangue para eliminar as substancias de refugallo:

* Leva o osíxeno e nutrientes ás células e recolle dióxido de carbono e outras substancias de refugallo:

* Transforma os alimentos que inxerimos en nutrientes que pode aproveitar o noso corpo:

* Aspira aire para extraer osíxeno e expulsa o dióxido de carbono:

8. Cales son os órganos do aparato urinario? Explica a súa función.

9. Sinala as opcións correctas sobre o aparato dixestivo.

- *Os alimentos mastíganse cos dentes e mestúranse con saliva na boca.*
- *Os alimentos díxírense grazas aos movementos e aos zumes do sistema dixestivo.*
- *No intestino delgado fórmanse as feces.*
- *Levar unha dieta saudable é malo.*
- *As feces expúlsanse ao exterior pola uretra.*

10. Indica se as seguintes afirmacións sobre o sistema excretor son verdadeiras ou falsas.

☐ *Os riles están situados debaixo da vexiga.*

☐ *O sangue filtrase na vexiga.*

☐ *Os ouriños conteñen substancias de refugallo.*

☐ *A uretra conecta a vexiga co exterior.*

☐ *Beber é bo para o aparato urinario.*

☐ *Os riles, os pulmóns, as glándulas sudoríparas e o fígado son órganos excretos.*